



**CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL DO PLENO**

**RESUMO DOS ACORDOS DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 3 DE AGOSTO
DO ANO 2021**

1.- Aprobación das seguintes actas:

- Sesión ordinaria do 4 de xuño do 2021
- Sesión extraordinaria do 9 de xuño do 2021
- Sesión extraordinaria do 14 de xuño do 2021

Ápróbase por unanimidade dos presentes as actas correspondentes á sesión ordinaria do 4 de xuño de 2021 e as extraordinarias do día 9 e 14 de xuño de 2021.

2.- Posta en coñecemento das resolucións, en especial das seguintes, ditadas dende a data de celebración do último Pleno:

- Decreto núm. 5207, do 30 de xuño de 2021 sobre delegación temporal da Presidencia do Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes no concelleiro Don Armando Ojea Bouzo, exclusivamente para a sesión ordinaria do 1 de xullo do 2021.
- Decreto núm. 5784, do 23 de xullo de 2021, no que se nomea a concelleira dona Eugenia Díaz Abella presidenta do Consello Municipal de Servizos Sociais.
- Decreto núm. 5785, do 23 de xullo de 2021, no que se delega a presidencia do Consello Municipal de persoas maiores na concelleira dona Eugenia Díaz Abella.
- Decreto, núm. 5899, do 28 de xullo de 2021, no que se delegan as funcións de Urbanismo, Vivenda e Patrimonio, atribuídas á concelleira Sonia Ogando Vázquez, na concelleira dona Ana M^a Fernández Morenza, para os días 2, 4, 5, 6, 9, 10, 11, 12, 13 e 16 de agosto de 2021

O Pleno dáse por informado.

3.- Posta en coñecemento do decreto de Alcaldía-Presidencia sobre as áreas de goberno

**“DECRETO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA SOBRE AS ÁREAS DE GOBERNO
.-”**

Ourense, na data de sinatura electrónica.

O artigo 123.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dentro do seu Título X introducido polo apartado 4 do artigo primeiro da Lei 57/2003, de 16 de decembro; establece que lle corresponde ao Pleno, entre outras a seguinte atribución: “A determinación dos niveis esenciais da organización municipal, entendendo por tales as grandes áreas de goberno [...], sen prexuízo das atribucións do Alcalde para determinar o número de cada un de tales órganos e establecer niveis complementarios inferiores.”.

O Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense, aprobado polo Pleno da Corporación do Concello de Ourense, fiel ao mandato legal recollido no artigo 123, dispón no seu artigo 118.1 que “Os servizos administrativos do Concello estrutúranse en áreas, que se determinarán tendo en conta os grandes contidos da actividade administrativa municipal de acordo co previsto no artigo 123.1 da Lei 7/1985.”

O apartado 2 do mencionado artigo 118 atribúelle ao Alcalde o establecemento da organización e estrutura da administración municipal executiva, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Pleno en materia de organización municipal. Asemade, correspóndelle precisar o contido competencial de cada unha, así como no seu caso refundir e detallar.

Así pois, as Áreas de Goberno constitúen o primeiro nivel esencial da organización municipal e comprenden, cada unha de elas, un ou varios sectores funcionalmente homoxéneos da actividade administrativa.

Pola súa banda, as Concellerías Delegadas, constituirán o segundo nivel esencial da organización municipal, e comprenden un ou varios ámbitos de competencia municipal funcionalmente homoxéneos e estarán integradas na estrutura organizativa dunha Área de Goberno.

De acordo co exposto, ó abeiro do disposto no artigo 124.4 b) e k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación cos artigos 118 a 121 do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense,

Á vista do anteriormente exposto, o sr. Alcalde do Concello de Ourense, no exercicio das competencias que lle foron legalmente atribuídas, **RESOLVE:**

Primeiro.- Estructurar a Administración Municipal nas seguintes Áreas de Goberno:

1.- ALCALDÍA.

Correspóndelle a dirección e coordinación das áreas delegadas do Goberno Municipal, mediante o exercicio das seguintes competencias:

- a) A dirección da política, goberno e administración municipal (artigo 124.4.b) da LBRL).
- b) O establecemento das directrices xerais da acción de goberno, asegurando a súa continuidade (artigo 124.4.c) LBRL)
- c) A superior dirección do persoal ao servizo da administración municipal – artigo 124.4.i) LBRL)



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

d) As facultades de control do exercicio das competencias delegadas previstas no artigo 37.1 do Regulamento orgánico.

e) As funcións de representación e dirección política do Concello previstas nos apartados a), d), e), f) e g) do artigo 124.4 LBRL.

Asimesmo corresponderalle as labours de cooperación institucional.

2.- SERVIZOS XERÁIS

- Servizos xerais: inclúe as seguintes funcións:

2.1.- Arquivos e rexistros administrativos: A xestión dos arquivos e rexistros administrativos (sen prexuízo da súa superior dirección pola Oficialía Maior, conforme ao establecido na Disposición Adicional 8ª, apartado d) da Lei de Bases do Réxime Local, en relación co artigo 3.2.l) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional)

2.2- Contratación : A xestión das contratacións suxeitas á Lei de contratos do sector público, exceptuados os contratos menores, e sen prexuízo do establecemento de instrucións xerais para a coordinación dos procedementos de contratación menor, que corresponderá a esta área.

- A xestión dos servizos comúns ao conxunto da administración municipal non atribuídos de forma específica a outra área.

2.3.- Sistemas de información e Transparencia

2.4- Parque móbil

2.5- Comercio

3.- INFRAESTRUCTURAS

3.1.- Obras.

3.2.- Servizo de augas.

3.3.- Servizo eléctrico.

3.4- Mantemento viario e mobiliario urbán.

4.- MEDIO AMBIENTE

4.1- Parques e xardíns.

4.2- Limpeza viaria

5.- URBANISMO, VIVENDA E PATRIMONIO

5.1.- Urbanismo, licenzas e vivenda.

5.2.- Xestión urbanística e planeamento.

5.3.- Patrimonio municipal.

5.4.- Oficina PERI

5.5.- Responsabilidade patrimonial

6.- EDUCACIÓN E CULTURA

6.1.- Festexos, Artes escénicas, Exposicións e museos

6.2- Educación

7.- PROMOCIÓN ECONÓMICA

- 7.1.- Emprego e Formación Ocupacional
- 7.2.- Recursos Europeos
- 7.3.- OMIC

8.- SERVIZOS SOCIAIS

- 8.1.- Asuntos Sociais.
- 8.2.- Muller e Igualdade.
- 8.3.- Saúde.

9.- MOBILIDADE E TRANSPORTE

10.- SEGURIDADE CIDADÁ

- 10.1.- Policía
- 10.2.- Bombeiros
- 10.3.- Protección Civil
- 10.4.- Voluntariado

11.- ECONOMÍA E FACENDA

- 11.1- Intervención
- 11.2- Xestión económica e orzamentaria
- 11.3- Xestión Tributaria e recadatoria
- 11.4- Tesourería

12.- RECURSOS HUMANS

13.- TURISMO, TERMALISMO , PARTICIPACIÓN CIDADÁ E XUVENTUDE

14.- DEPORTES

- 14.1- CMD

Segundo.- Derrogar o decreto núm. 2021001969 do 29.09.2020 .

Terceiro.- A presente resolución producirá efectos dende a mesma data da súa sinatura, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ourense e da Casa do Concello. Daráselle conta ao Pleno da Corporación e a Xunta de Goberno local na primeira sesión que teña lugar.

4.- Posta en coñecemento do decreto de Alcaldía sobre a organización da Xunta de Goberno Local

“DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data de sinatura electrónica



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

A organización da Xunta de Goberno Local nos municipios de gran poboación, regulados no Título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, dentro dos que se atopa o Concello de Ourense, establécese nos artigos 126 e 127 da mencionada norma; nos artigos 38 d), 52, 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF) e nos artigos 99 a 104 do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense

De conformidade co disposto nos artigos 126.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril e 28. d) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), corresponde ao Alcalde nomear e separar libremente aos membros da Xunta de Goberno Local cuxo número non poderá exceder dun terzo do número legal de membros do Pleno, ademais do Alcalde, por conseguinte, no caso do Concello de Ourense, este número será de 9 ademais do Alcalde.

Asemade, conforme establece o artigo 126.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril e o artigo 102 do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense, a Secretaría da Xunta de Goberno Local corresponderalle a un dos membros que reúna a condición de concelleiro/a, designado polo Alcalde, quen redactará as actas das sesións e certificará sobre os seus acordos.

O artigo 100.1 do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense, en relación co artigo 112.2 do ROF establece que a Xunta de Goberno Local, como órgano resolutorio, celebrará sesións ordinarias con periodicidade semanal. Finalmente, o punto 3 do artigo 112, e no mesmo senso o artigo 100.3 do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense, prevé que lle corresponde ao Alcalde fixar, mediante Decreto, o día e hora en que deba celebrarse a sesión ordinaria.

Por outra banda, o artigo 126.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece que as deliberacións da Xunta de Goberno Local son secretas e prevé que as súas sesións poden asistir entre outros os titulares dos órganos directivos cando sexan convocados expresamente polo Alcalde.

Á vista do anteriormente exposto, o sr. Alcalde do Concello de Ourense, no exercicio das competencias que lle foron legalmente atribuídas, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos/as seguintes concelleiros/as:

- 1.- Don Armando Ojea Bouzo
- 2.- Don Telmo Manuel Ucha Alvarez
- 3.- Don Jorge Pumar Tesouro
- 4.- Dona Ana María Fernández Morenza
- 5.- Dona Flora Moure Iglesias

SEGUNDO.- Corresponderalle á Xunta de Goberno Local, así integrada, e baixo a presidencia desta Alcaldía, colaborar de forma colexiada nas funcións de dirección

política que á Alcaldía- Presidencia corresponde e exercer as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

TERCEIRO.- Nomear Concelleiro/a- Secretario/a da Xunta de Goberno Local ó/á membro da mesma don Armando Ojea Bouzo e, como substituto/a, nos casos de ausencia, enfermidade ou abstención legal ou regulamentaria, ó Concelleiro don Telmo Manuel Ucha Alvarez.

CUARTO.- Fixar, salvo excepción xustificada, a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, semanalmente, os xoves ás 08:30 horas.

QUINTO.- Derogar o decreto 2021001832 de data 04/03/2021 .

SEXTO.- A presente resolución producirá efectos dende a mesma data da súa sinatura, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ourense e da Casa do Concello.

SÉTIMO.- Notificarlle persoalmente a presente resolución ós concelleiros/as nomeados. O nomeamento considerarase tacitamente aceptado, salvo manifestación expresa en contra.

OITAVO.- Darlle conta desta resolución ó Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.”

O Pleno deuse por informado.

5.- Posta en coñecemento do decreto de Alcaldía-Presidencia sobre as delegacións das distintas áreas de goberno.

“DECRETO DA ALCALDÍA PRESIDENCIA

Consonte establece o artigo 124.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o alcalde ten atribuída a facultade de delegar determinadas atribucións, na Xunta de Goberno local, nos seus membros, e nos demais concelleiros e concelleiras e incluso, en outros órganos de nova creación, derivado da súa facultade de establecer a organización e estrutura da administración municipal executiva.

Visto o decreto de data 01/07/2021 polo que se aproba a estrutura das áreas que integran o Goberno municipal e que derroga ó decreto núm.2021001969 do 29.09.2020 .

Considerando a necesidade de adecuar o réxime de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno local e nos/as concelleiros/as ós cambios efectuados na Corporación e na estrutura das áreas de goberno e vistos, entre outros, os artigos 43, 44, 120 e 121 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), en relación co artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Á vista do anteriormente exposto, o sr. Alcalde do Concello de Ourense, no exercicio das competencias que lle foron legalmente atribuídas, **RESOLVE:**



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

Primeiro.- Efectuar as delegacións das distintas Áreas de Goberno entre os concelleiros e as concelleiras na forma e co alcance que a continuación se especifica, incluíndo a autorización e disposición de gastos, as facultades de dirección e xestión dos servizos correspondentes, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros e a resolución de recursos de reposición que se interpoñan contra os ditos actos.

1.- No concelleiro e membro da Xunta de Goberno Local, don **Jorge Pumar Tesouro** o exercicio das seguintes atribucións en relación coa Área de **MEDIO AMBIENTE**, que comprende :

- Medio ambiente (control e calidade ambiental e sustentabilidade).
- Limpeza de terreos en solo rústico e urbano, e prevención e defensa contra os incendios forestais (Lei 3/2007, do 9 de abril, e normativa de desenvolvemento e ordenanzas municipais).
- Parques e xardíns.
- Limpeza viaria

2.- Na concelleira dona **Sonia Ogando Vázquez** o exercicio das seguintes atribucións en relación coa Área de **URBANISMO, VIVENDA E PATRIMONIO**, que comprende :

2.1.- Urbanismo, licenzas e vivenda:

2.1.-A - Intervención na edificación e uso do solo. Disciplina urbanística; comprende:

- Disciplina urbanística. Inclúe todas as competencias que lle corresponden á Alcaldía recollidas no Capítulo III do Título VI da Lei 2/2016 do solo de Galicia, agás as que se lle delegan á Xunta de Goberno local no apartado segundo desta resolución.
- A tramitación e resolución de expedientes sancionadores pola comisión de infraccións urbanísticas derivadas do incumprimento da Ordenanza municipal reguladora da publicidade exterior mediante carteis, carteleiras ou valos publicitarios
- Ruina inminente (art. 141.5 da Lei 2/2016 do solo de Galicia)
- Fomento da edificación, conservación e rehabilitación.
- Inspección Técnica de Edificios.
- Réxime disciplinario en materia de contaminación acústica.
- Rexistro de Solares

2.1.-B - Planeamento urbanístico e xestión; comprende:

- Planeamento urbanístico.
- Xestión urbanística.
- Arqueoloxía.
- Expropiacións urbanísticas.

2.2.- Patrimonio municipal.

- Patrimonio municipal do solo (PMS)
- Inventario xeral de bens

2.3.- Oficina PERI

- Vivenda de protección pública.
- Áreas de Rehabilitación e Rexeneración Urbana
- Plans Especiais de Protección e/ou de Reforma Interior.
- Subvencións municipais en materia de conservación e rehabilitación de edificacións.

2.4.- Responsabilidade patrimonial.

3.- No concelleiro , don **José Mario Guede Fernández** o exercicio da atribucións en relación co **Consello Municipal de deportes (CMD), así como a súa Presidencia.**

4.- Na concelleira e membro da Xunta de Goberno Local, dona **Flora Moure Iglesias,** o exercicio das seguintes atribucións en relación coa Área de **TURISMO, TERMALISMO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ e XUVENTUDE,** que comprende :

- Turismo
- Termalismo
- Participación cidadá
- Xuventude: comprende Casa da Mocidade

5.- Na concelleira , dona **Eugenia Díaz Abella,** o exercicio das seguintes atribucións en relación coa Área de **SERVIZOS SOCIAIS,** que comprende:

5.1- Asuntos sociais; comprende:

- Servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos e os seus equipamentos.
- Fogar do Transeúnte.
- Gardería monoparental.
- Centros cívicos.
- Programas de integración sociolaboral dirixidos a colectivos en risco de exclusión social, inmigrantes, discapacitados, minorías étnicas, de favorecemento da conciliación e apoio na estrutura familiar, e envellecemento activo de maiores.
- Limpeza e mantemento dos centros sociais (centros cívicos, Casa da Maxia)

5.2.- Muller e igualdade; comprende:

- Muller (inclúe Centro de Información á Muller e Casa de Acollida).
- Políticas de igualdade.

5.3.- Saúde; comprende:

- Servizos mortuorios e cemiterios.



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

- Prevención sanitaria.
- Unidade de Condutas Aditivas.
- Aula de saúde.
- Unidade de día.
- Protectora de animais.
- O exercicio das competencias que á Alcaldía lle atribúe a Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, ou normativa que a substitúa.
- O exercicio das competencias que á Alcaldía lle atribúe a Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, ou norma que a substitúa.

6.- No concelleiro e membro da Xunta de Goberno Local, don **Telmo Manuel Ucha Álvarez** o exercicio das seguintes atribucións en relación coa Área de **SEGURIDADE CIDADÁ**, que comprende:

- Policía Local
- Tráfico e expedientes sancionadores
- Servizo de extinción de incendios
- Protección civil
- Voluntariado.

7.- Na concelleira e membro da Xunta de Goberno Local, dona **Ana María Fernández Morenza** o exercicio das seguintes atribucións en relación coa Área de **ECONOMÍA E FACENDA**, que comprende:

- Intervención
- Xestión económica e xestión orzamentaria
- Xestión Tributaria e recaudatoria
- Tesourería

8.- No concelleiro e membro da Xunta de Goberno Local, don **Armando Ojea Bouzo** o exercicio das atribucións en relación coa Área de **RECURSOS HUMANOS**

Segundo.- Delegar na Xunta de Goberno Local, tanto as facultades de dirección e xestión como a de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros incluída a facultade de resolver os recursos de reposición que se presenten contra os ditos actos, as seguintes atribucións:

1. A competencia para a tramitación e resolución dos expedientes sancionadores en materia de infraccións urbanísticas.
2. A declaración de ruína ordinaria.
3. A execución subsidiaria ou forzosa da orde de demolición de obras sen o título habilitante esixible en cada caso ou sen axustarse ás condicións sinaladas nel, derivada do incumprimento voluntario acordado nun expediente de reposición da legalidade urbanística. Inclúe a imposición de multas coercitivas que se poidan impor en relación coa súa tramitación.

4. O exercicio das accións xudiciais e administrativas en materia competencia da Alcaldía e, en caso de urxencia, en materias da competencia do Pleno, neste caso, dando conta ó mesmo na primeira sesión que teña lugar para a súa ratificación.

Terceiro.- A presente resolución producirá efectos dende a mesma data da súa sinatura, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ourense e da Casa do Concello.

Cuarto.- Nas resolucións que se adopten no exercicio da delegacións conferidas por esta Alcaldía, farase constar expresamente esta circunstancia e a data desta resolución.

Quinto.- Notificarlle persoalmente a presente resolución aos designados. A delegación para ser eficaz requirirá a súa aceptación por parte do/a delegado/a. Entenderase aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación do acordo o/a concelleiro/a ou o órgano destinatario da delegación non fai manifestación expresa diante do órgano delegante de que non acepta a delegación.

Sexto.- Revogar o decreto núm. 2021002038 do 11/03/2021

Sétimo.- Darlle conta ao Pleno da Corporación e a Xunta de Goberno local na primeira sesión que teña lugar.”

O Pleno deuse por informado.

6.- Posta en coñecemento do informe de Tesouraría sobre o período medio de pago a provedores correspondente ao mes de xuño de 2021

ASUNTO: INFORME PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES MES DE XUÑO DE 2021

Expediente cívicas: 2021028546

INFORME DE TESOURERÍA



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

1.- NORMATIVA APLICABLE:

A lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecían as medidas de loita contra a morosidade das operacións comerciais, incorporou ó noso ordenamento xurídico a Directiva 200/35/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de xuño de 2000.

Transcorridos 5 anos dende a vixencia da citada norma, fíxose necesario a súa adaptación ós cambios producidos no entorno económico e modificación para que sexa aplicable, tanto no ámbito da empresa privada, como no do sector público. Esta modificación levouse a cabo coa Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 e decembro.

O artigo cuarto da citada norma establece:

“3.- Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4.- Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.”

O Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira”.

Con este Real Decreto dase cumprimento ó que establece a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, tras a reforma operada pola Lei Orgánica de Control da Débeda no Sector Público, que introduce o concepto de período medio de pago (PMP), como expresión do volume da débeda comercial, e establece a obriga de que todas as Administracións Públicas o apliquen e fagan público.

O obxectivo principal é contribuír a erradicar a morosidade das Administracións Públicas e controlar a débeda comercial, evitando a acumulación de atrasos no pago de facturas ós provedores.

A citada norma ten sido modificada no que se refire á **metodoloxía do cálculo do PMP** polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro. Como expón a información emitida polo propio Ministerio de Facenda, trátase con esa modificación de reforzar o cumprimento da normativa europea en materia de loita contra a morosidade, quedando a nova metodoloxía alineada coa normativa nacional, que traspón as directivas comunitarias, iniciándose o cómputo dos prazos, con carácter xeral, dende a aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, en lugar do criterio que se aplicaba ata a data, no que o inicio do prazo de cómputo producíase dende os 30 días seguintes á entrada da factura no rexistro administrativo.

A nova **metodoloxía do cálculo do PMP** non permite que o dato resultante tome valor negativo si a Administración paga antes de trinta días naturais dende a presentación das facturas ou certificacións de obra.

2.- INFORME:

Establece o Real Decreto 635/2014, modificado polo Real Decreto 1040/2017, unha metodoloxía económica común para o cálculo do período medio de pago a provedores, período medio que ven a medir o atraso no pagamento da débeda comercial en termos económicos.

Así, calcularase un período medio de pago global a provedores que comprenderá o de todas as entidades incluídas no artigo 2 da LO 2/2012 e, o período medio de pago de cada entidade. Para o cálculo do período medio de pago o Real Decreto precisa as facturas que deberán ser tidas en conta e sinala, expresamente, aquelas que deberán ser excluídas. Estes cálculos, no caso das Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do TRLRFL aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo, será mensual.

A metodoloxía establecida para o cálculo do período medio de pago a provedores é a seguinte:

Artigo 4: “Cálculo do período medio de pago global a provedores”

$$\sum (\text{período medio de pago de cada entidade} * \text{importe operacións da entidade})$$

<i>período</i>	<i>medio</i>	<i>de</i>	<i>pago</i>	=
----------------	--------------	-----------	-------------	---



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

global a provedores \sum importe operacións das entidades

“Se entenderá por importe de las operacións da entidade o importe total de pagos realizados e de pagos pendentes nos termos indicados nos artigos seguintes”

Artigo 5 (do RD 635/2014 de 25 de xullo, modificado polo RD 1040/2017, de 22 de decembro): **“Cálculo do período medio de pago de cada entidade”**

1.- Aos efectos do cálculo do período medio de pago global ao que se refire o artigo anterior, o período medio de pago de cada entidade calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$\frac{\text{rateo operacións pagadas} * \text{importe total pagos realizados} + \text{ratio operacións pendentes de pago} * \text{importe total pagos pendentes}}{\text{período}} = \text{medio de pago importe total pagos realizados} + \text{importe total pagos pendentes}$$

2.- Para os pagos realizados no mes, calcularase o cociente das operacións pagas de acordo coa seguinte fórmula:

\sum (número de días de pago * importe da operación pagadas)

rateo das operacións = _____

pagadas Importe total de pagos realizados

Entenderase por número de días de pago, os días naturais transcorridos desde:

- a) A data de aprobación das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.
- b) A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.
- c) A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata a data de pago material por parte da Administración, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura recíbese con posterioridade á aprobación da conformidade.

Nos supostos nos que non haxa obrigaón de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.

No caso das facturas que se paguen con cargo ao Fondo de Liquidez Autonómico ou con cargo á retención de importes a satisfacer polos recursos dos réximes de financiamento para pagar directamente aos provedores, considerarase como data de pago material a data da proposta de pago definitiva formulada pola Comunidade Autónoma ou a Corporación Local, segundo corresponda.

3. Para as operacións pendentes de pago ao final do mes calcularase a cociente de operacións pendentes de pago de acordo coa seguinte fórmula:

$$\Sigma (\text{número de días pendentes de pago} * \text{importe da operación pendente de pago})$$

$$\text{rateo de operacións} = \frac{\quad}{\quad}$$

$$\frac{\text{pendentes de pago}}{\text{Importe total de pagos pendentes}}$$

Entenderase por número de días pendentes de pago, os días naturais transcorridos desde:

- a) A data de aprobación das certificacións de obra ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.
- b) A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.
- c) A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura recíbese con posterioridade á aprobación da conformidade.



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

Nos supostos nos que non haxa obrigación de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.”

Lémbrese que o concello de Ourense ten establecido o procedemento de conformidade de facturas para todos os bens ou servizos prestados polo que lle son de aplicación os apartados a) e b) de cada un dos supostos de cálculo do rateo de operacións pagadas e pendentes de pago

Aplicando a metodoloxía establecida no citado Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, os períodos medios de pago resultantes no mes de XUÑO de 2021 son:

	Concello	Consello Municipal de Deportes (*)
Rateo de operacións pagadas	33,58	77,57
Importe de operación pagadas	2.157.492,87 €	329.831,35 €
Rateo de operacións pendentes de pago	67,74	13,00
Importe de operacións pendentes de pago	3.037.831,35 €	49.072,74 €
PMP de cada entidade	53,55	69,21
Período medio de pago global a provedores	54,61	

(*) datos proporcionados polo administrador do CMD, xúntase documentación xustificativa

No cálculo dos períodos medios de pago, tal e como establece o artigo 3 do Real Decreto 635/2014, só se terán en conta as facturas expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas e as certificacións de obra aprobadas dende a esa data. Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñen a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional, así mesmo, quedan excluídas as obrigas de pago que foron obxecto de retención dende esta Tesourería como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos similares ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Tendo en conta que o período medio de pago global resultante no Concello para o mes de XUÑO de 2021 é de **54,61** días, estase a ***incumprir*** o prazo previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecían as medidas de loita contra a morosidade das operacións comerciais.

A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, establece no artigo 10: “Os *órganos ou unidades administrativas que teñan atribuída a función de contabilidade nas Administracións Públicas efectuarán requirimentos periódicos de actuación respecto ás facturas pendentes de recoñecemento de obrigas, que serán dirixidos aos órganos competentes*”.

endo en conta o sinalado, achégase como ANEXO I ó presente informe, copia do requirimento efectuado no mes de XUÑO de 2021 dende esta Tesourería ós servizos municipais que teñen facturas sen tramitar no rexistro de facturas que tiveron entrada no rexistro xeral do Concello con antigüidade superior a 30 días, (sexa por non estar devoltas, correctamente conformadas ou por presentar algún tipo de defecto subsanable polo servizo esixido dende a Intervención), no que se solicita, á vista dos prazos establecidos pola normativa vixente para a aprobación das facturas, procedan a realizar as actuacións pertinentes que permitan a tramitación do recoñecemento das obrigas.(ANEXO I-1). Nº expediente Cividas 2021027205

Como **ANEXO II**, achégase o informe de resume xerado polo programa de contabilidade no que se recolle o importe total das operacións pagadas e as pendentes de pago correspondentes ó mes de XUÑO de 2021 que xeraron os rateos e período medio de pago resultante para o Concello.(ANEXO II-1 e ANEXO II-2)

Como **ANEXO III**, achégase os informes de detalle e resume xerados polo programa de contabilidade no que se recollen as operacións pagadas e as pendentes de pago correspondentes ó mes de XUÑO de 2021 que xeraron os rateos e período medio de pago resultante para o Consello Municipal de Deportes, enviados a esta Tesourería dende o Organismo Autónomo.

O Pleno deuse por informado.

7. Posta en coñecemento do informe trimestral de facturas sen tramitar no segundo trimestre de 2021.

INFORME TRIMESTRAL DE FACTURAS SEN TRAMITAR 2º TRIMESTRE 2021

Expediente cívicas: 2021030377

Fundamentos xurídicos:

- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

Artigo 9. Creación do rexistro contable de facturas.

1. “Cada un dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei, disporán dun rexistro contable de facturas que facilite o seu seguimento, cuxa xestión corresponderá ao órgano ou unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade”.

Artigo 10. Actuacións do órgano competente en materia de contabilidade

“Os órganos ou unidades administrativas que teñan atribuída a función de contabilidade nas Administracións Públicas:

1. Efectuarán requirimentos periódicos de actuación respecto das facturas pendentes de recoñecemento de obrigaón, que serán dirixidos aos órganos competentes.

2. Elaborarán un informe trimestral coa relación das facturas con respecto aos cales transcorresen máis de tres meses desde que foron anotadas e non se efectuou o recoñecemento da obrigaón polos órganos competentes. Este informe será remitido dentro dos quince días seguintes a cada trimestre natural do ano ao órgano de control interno”.

Consideracións de carácter xeral:

O rexistro contable de facturas é un instrumento clave para a mellora nos procedementos contables, a través do control contable rigoroso das facturas recibidas pola Administración, aos efectos de mellorar o control da morosidade.

Dende o 1 de xaneiro de 2014 é obrigatorio que tódalas facturas que se expidan polos servizos prestados ou bens entregados, calquera que sexa o seu soporte, sexan obxecto de anotación no rexistro contable de facturas, que está integrado co sistema de información contable do Concello e cuxa xestión corresponde á Tesourería Municipal.

Por iso, tódalas facturas recibidas no rexistro administrativo deben ser remitidas ao rexistro contable de facturas para a súa anotación nos termos establecidos pola Lei 25/2013, de 27 de decembro.

As facturas anotadas no rexistro contable de facturas serán distribuídas ou postas a disposición dos correspondentes servizos ou áreas, conforme á identificación que destes figura nas facturas, a efectos de realizar, se procede, o procedemento de conformidade coa entrega do ben ou prestación do servizo realizada.

No rexistro contable de facturas van anotándose os distintos estados da factura, desde a súa recepción e rexistro, pasando pola aceptación ou, no seu caso o rexeitamento e a súa devolución, as anulacións ou rectificacións e, no seu caso a aprobación da conformidade e recoñecemento da obrigaón, a contabilización da obrigaón recoñecida e e do seu pago. Isto, permite que o rexistro contable de facturas convértase nun instrumento clave para o

seguimento do cumprimento dos compromisos de pago, á vez que un medio de informar a quen presentase a factura, sobre o seu estado de tramitación.

Á vista do exposto, por esta Tesourería Municipal, remítese á Intervención Municipal o presente informe trimestral coa relación das facturas con respecto as cales transcorreron máis de tres meses desde que foron anotadas e non se efectuou o recoñecemento da obrigação polos órganos competentes.

Achégase como ANEXO I ao presente informe, listaxe das facturas rexistradas desde 01/01/2014 ata 21/04/2021 que aínda non foron tramitadas e, por tanto, transcorreron máis de tres meses dende a súa anotación.

O Pleno deuse por informado.

8.- Parte resolutiva

8.1 Moción do Grupo Municipal do Partido Popular en apoio do Xacobeo 21-22.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Camiño de Santiago non só foi a ruta de peregrinación máis importante da Europa medieval, senón tamén unha importante vía comercial e de desenvolvemento cultural, artístico, social e económico do que se beneficiaron todas as localidades pola que discorrián as súas rutas.

A súa importancia ao longo da historia está recoñecida en distincións como Itinerario Cultural Europeo (Consello de Europa 1987), Patrimonio da Humanidade (Unesco, 1993, 1998 e 2015) ou Premio Príncipe de Asturias da Concordia (Fundación Príncipe de Asturias, 2004).

Desde a súa orixe, milleiros de persoas de calquera clase e condición peregrinaron a Compostela. Ao longo destes séculos pasou por momentos de esplendor e de decadencia, pero dende a promoción e recuperación que se fixo desde o Plan Xacobeo 1993, impulsado polo goberno de Manuel Fraga, está vivindo unha das súas etapas de esplendor. Boa proba delo son máis de 301.000 peregrinos do ano 2017, os 327.000 de 2018 ou os case 350.000 de 2019.

Todos estes peregrinos e os millóns de turistas que cada ano se acercan a Galicia, sempre atoparon en nós a un pobo acolledor, respectuoso e agradecido cos seus visitantes.



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

As diversas rutas do Camiño de Santiago teñen un impacto directo nos sectores do aloxamento, da alimentación e da restauración, pero tamén producen un elevado impacto indirecto positivo noutros sectores económicos; así mesmo, favorecen o equilibrio territorial e son o mellor mecanismo de promoción internacional da marca Galicia.

Por todo isto, non se comprende que a organización xuvenil do BNG, “Galiza Nova”, presentase o pasado 1 de xullo unha campaña co lema “*Rachemos co Xacobeo*”, baseada nunhas presuntas consecuencias negativas que o Xacobeo estarían a producir na xuventude e -según eles- por converter a Galicia “*nun sector terciario xigante e cun emprego altamente precario*”. Ao día seguinte aínda que retiraron a imaxe e o lema desa campaña, reafirmáronse nas denuncias desta campaña.

A “turismofobia” é un fenómeno que entre todos temos que desterrar. Ademais, Galicia conta cun modelo turístico seguro, respectuoso, de calidade e que aporta tranquilidade a quen nos visita.

Así mesmo, o Camiño de Santiago, como fenómeno de transcendencia internacional, debería unirnos a todos. Porén, un feito tan sinxelo, pero así mesmo tan necesario e agradecido polos peregrinos, como é a sinalización do Camiño, é aproveitado polo alcalde de Vigo para confrontar coa Xunta de Galicia. Négase a outorgar a autorización municipal a sinalización homologada do Camiño. Tiveron que ser os propios locais de hostalería de Vigo os que se prestasen a colaborar cos peregrinos que atravesan a cidade e que precisan de orientación, así como da confianza e tranquilidade que lle da seguir o itinerario correcto.

Tras máis dun ano de pandemia, moitos sectores económicos do noso concello confían na reactivación que o turismo pode propiciar e, en especial, no impacto da dobre celebración do Xacobeo 21-22, que transcende a propia cidade de Santiago de Compostela e a dos concellos polos que discorren todas as rutas do Camiño. Nesta tarefa

Por todo elo, o Grupo Municipal Popular no Concello de Ourense, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1. O concello de Ourense insta á Xunta de Galicia a que desenvolva unha programación extensa e descentralizada, aproveitando a gran oportunidade que representa este Xacobeo bianual, promovendo actividades ao longo de todo o territorio da nosa comunidade, dinamizando o tecido cultural e turístico local e xerando riqueza e emprego nos concellos de Galicia.
2. O concello de Ourense manifesta o seu apoio a celebración dos anos Xacobeos 21-22, en canto vehículos de proxección exterior de Galicia, e recoñece os valores de hospitalidade, convivencia, afán de superación e solidariedade do Camiño de Santiago.

3. O concello de Ourense rexeita calquer tipo de campaña contraria ao fenómeno Xacobeo ou de desconsideración aos peregrinos.

Debátense conxuntamente as mocións 8.1 e 8.5 da orde do día, procedendo á súa reenumeración.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

8.2 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para que o Concello de Ourense inste á Deputación Provincial de Ourense e á Xunta de Galicia a elaborar unha campaña conxunta de promoción específica e con recursos suficientes da ruta da Vía da Prata.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Camiño de Santiago dende Ourense - Vía da Prata, forma parte da antiga calzada romana que cruzaba de sur a norte Hispania. Esta calzada partía dende Sevilla e percorría outros puntos importantes do Imperio Romano, coma por exemplo Mérida. Seguindo este trazado foron moitos os peregrinos que alcanzaron Santiago de Compostela.

Facer o camiño a pé empezando en Ourense permite obter o certificado de peregrino, por tratarse da distancia mínima autorizada para conceder este recoñecemento. Como é sabido, **a pandemia da COVID-19 complicou a celebración do Xacobeo 2021**, un dos eventos máis esperados en Galicia e no que o sector turístico confiaba para iniciar a súa reactivación. Os rebotes do virus, o incremento das limitacións á mobilidade, así como o peche de numerosos establecementos de hostalería e restauración seguen a impedir o seu normal desenvolvemento.

Con todo, o Vaticano aliviou o impacto que a pandemia supuxo para este evento, decretando que os beneficios relixiosos do Xubileo se prorrogasen durante o ano 2022 debido ás circunstancias especiais da crise sanitaria, dando así resposta a unha petición realizada por entidades públicas e privadas de Galicia. Ata a data, só en dúas ocasións se concedera un Xubileo extraordinario a Santiago de Compostela.

O Xacobeo 2021 era un dos Xubileos máis esperados dous últimos anos debido a que se produce tras o período máis longo de cadencia desta celebración, 11 anos. Galicia viña traballando desde fai moito tempo na súa preparación. De feito, realizáronse inversións de diferentes administracións públicas e de emprendedores privados para a mellora das infraestruturas e aloxamentos. Sen embargo, como xa mencionamos, os



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

rebrotos e as consecuentes limitacións da mobilidade, así como os peches temporais de negocios xeraron de novo unha gran inquietude.

O sector esperaba recibir a miles de peregrinos e visitantes durante este ano. Ademais, **as previsións económicas apuntaban a crear 11.500 postos de traballo e unha alza do PIB do 0,9 %**, pero a irrupción da pandemia obrigou á Xunta de Galicia a reformular o seu desenvolvemento e o programa de actividades.

No que atinxe á Ruta da Vía de Prata e Ourense, a pandemia non vén máis que agravar a situación de crise que padecía xa fai dous anos este tramo do Camiño, **pechando as estatísticas co peor dato de peregrinos en relación con outras alternativas xacobeas.**

A Vía da Prata foi o único roteiro do Camiño de Santiago que perdeu peregrinos, tanto na Semana Santa como no verán de 2019, afondando aínda máis na crise. Desta grave situación tamén se facían eco noutros territorios do Estado, como Estremadura ou Castela e León, comunidades polas que descorren gran parte dos quilómetros que separan Sevilla de Santiago de Compostela. **Falta de establecementos de restauración, demasiados tramos por estrada, problemas coa sinalización**, son algunhas das críticas vertidas polos peregrinos que elixen a ruta da Vía da Prata.

As críticas dos diferentes sectores sociais foron claras, asociando a baixada de peregrinos ás malas condicións nas que se atopan algúns tramos, queixas debido a que a auga, as pedras e o barro dificultan o percorrido, considerando os hostaleiros estas como as principais razóns da gran baixada de hóspedes.

No primeiro cuadrimestre de 2019 o roteiro pechou con menos de 1000 usuarios que pasasen por Ourense, o que representa a porcentaxe máis baixa para un inicio de ano (3,08%) dende que hai datos na Oficina do Peregrino. A caída é drástica en comparación con anos anteriores. Así, **en abril de 2018 e 2017 transitaron pola Vía da Prata un 3,45% dos peregrinos de Galicia.** Máis altas eran as cifras en 2016, con 4,63%; 2015, cun 4,21% ou 2014, cun 4,61%. Unha década atrás, o peso era incluso maior, bordeando o 6% dous usuarios totais do Camiño de Santiago.

O Plan Director da Xunta investiu durante a pandemia fondos na Vía da Prata para procurar poñer fin ás deficiencias detectadas tentando corrixir na medida do posible o abandono dos últimos anos, pero ao entender do grupo municipal socialista non van ser suficientes para reverter a tendencia actual e a mala imaxe xerada.

Por todo o exposto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta, para a aprobación da Corporación Municipal, a seguinte proposta de **ACORDO**:

Que o concello de Ourense, inste á Deputación e á Xunta a elaborar de forma conxunta, e con recursos suficientes, unha campaña de promoción específica da Ruta da Vía da Prata, que permita dinamizar este tramo que actualmente conta coa menor demanda de peregrinos en comparación co resto de alternativas xacobeas, aproveitando a prórroga do Ano Santo ata 2022, así como a inminente chegada do AVE.

EMENDA DE ADICION DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

TEXTO INICIAL :

1.- Que o concello de Ourense, inste á Deputación e á Xunta a elaborar de forma conxunta, e con **recursos** suficientes, unha campaña de promoción específica da Ruta da Vía de la Plata, que permita dinamizar este tramo que actualmente conta coa menor demanda de peregrinos en comparación co resto de alternativas xacobeas , aproveitando a prórroga do Ano Santo ata 2022, así como a inminente chegada do AVE.

ADICIÓN:

2.-Que o **concello** de Ourense inste ao Goberno de España a que inclúa dentro do “Plan Nacional Turístico Xacobeo 21-22”, dotado de máis de 121 millóns de euros, unha partida orzamentaria específica para a Vía de la Plata, en cada un dos cinco eixos de investimento que integran o devandito Plan.

NOVA REDACCION FINAL:

1.- Que o concello de Ourense, inste á Deputación e á Xunta a elaborar de forma conxunta, e con **recursos** suficientes, unha campaña de promoción específica da Ruta da Vía de la Plata, que permita dinamizar este tramo que actualmente conta coa menor demanda de peregrinos en comparación co resto de alternativas xacobeas , aproveitando a prórroga do Ano Santo ata 2022, así como a inminente chegada do AVE.

2.-Que o **concello** de Ourense inste ao Goberno de España a que inclúa dentro do “Plan Nacional Turístico Xacobeo 21-22”, dotado de máis de 121 millóns de euros, unha partida orzamentaria específica para a Vía de la Plata, en cada un dos cinco eixos de investimento que integran o devandito Plan.

Debátese conxuntamente as moción 8.1 e 8.5 da orde do día, procedendo á súa reenumeración

O Pleno do Concello, por catorce votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e don Laureano Bermejo



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

Ansia, oito votos en contra do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE ; e tres abstencións de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez e dona María del Mar Fernández Dibuja, concelleiros non adscritos, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a emenda do Partido Popular.

En consecuencia, apróbase a moción coa redacción dada pola emenda do Grupo Municipal do Partido Popular.

8.3 Moción do Grupo Municipal de Ciudadanos relativa a reforma da Praza de Abastos e a súa contorna.

Exposición de motivos:

O pasado mes de marzo, este grupo municipal, presentou unha moción relativa a reforma da Praza de Abastos e da súa contorna na que se solicitaba ao Pleno que todos os grupos con representación no Concello de Ourense traballasen na procura dun consenso para dar solucións precisas e que este proxecto fose unha realidade, converténdose nun revulsivo para ou futuro económico desta cidade. Esta moción foi aprobada salvo polos tres concelleiros de Democracia Ourensana.

De feito, nese mesmo pleno e como grupo da oposición, o Partido Popular presentou outra moción na que se solicitaba reactivar a Comisión de Seguimento das obras da Praza de Abastos de Ourense, para acadar un maior consenso político e garantir a continuidade das obras.

Vendo que hai maioría suficiente para poñer en marcha as propostas e agora que o PP volveu ao goberno, preguntámonos se existe unha auténtica vontade política por parte deste goberno para dar o impulso definitivo á nosa Praza de Abastos e o súa contorna.

Desde o pasado mes de marzo non houbo ningún avance significativo, e os placeiros seguen esperando que se defina o modelo de explotación da Praza de Abastos, actualmente en reformas, e cuxa data de finalización das obras está prevista en principio, e salvo atrasos, para febreiro de 2022.

Quedan sete meses por diante para que os traballadores que dan vida a este espazo, dinamizando a economía local, saiban como se rexerá a nova infraestrutura e se hai algún proxecto para arranxar cuestións como a accesibilidade, a zona do Rianxo, o aparcadoiro, ou se finalmente o soto do edificio destínase ao termalismo ou, como se recolle no proxecto inicial, será un espazo para unha gran superficie comercial.

Perdemos e seguimos perdendo un valioso tempo mentres un dos centros neuráxicos da economía de Ourense segue sen un modelo por definir.

Proposta para a súa aprobación:

1. *Solicitamos ao Goberno local que execute as mocións aprobadas, no pasado mes de marzo, de Ciudadanos e o Partido Popular para dar solucións precisas e en conxunto a este proxecto tan necesario na nosa cidade.*

O Pleno do Concello, por vinte e dous votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez, dona María del Mar Fernández Dibuja e don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e tres abstencións do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

8.4 Moción do Grupo Municipal de Ciudadanos relativa ao Plan estatal de vivenda.

Exposición de motivos:

O pasado mes de abril o Banco de España publicou un estudo sobre a crise do COVID-19 e o seu impacto sobre as condicións económicas das xeracións novas. Segundo as conclusións do informe, as persoas mozas do noso país enfróntanse a diferentes problemas derivados da crise provocada pola Covid-19 en materia educativa, no relativo ás súas condicións laborais e ao impacto económico que terá a transición ambiental.

No que respecta ao acceso dos mozos a unha vivenda, o estudo destaca que a proporción de persoas que posúen unha vivenda residencial aos 30 anos diminuíu para aqueles cidadáns que naceron a partir do ano 1980. En concreto, o 7% dos que naceron en 1988 posuía a súa vivenda principal aos 29 anos; entre os nados en 1976, esa porcentaxe era do 26%.

Entre as causas desta problemática atópase a precariedade laboral que afecta a este colectivo e o endurecemento na concesión de créditos hipotecarios tras a crise financeira que se iniciou no ano 2008. A conxunción destes fenómenos provocou, segundo os datos do mencionado informe, que entre os anos 2014 e 2017, a porcentaxe de fogares cun cabeza de familia menor de 35 anos que vivían en alugueiro subise en máis de 12 puntos, ata alcanzar o 43%.



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

Á súa vez, os prezos de alugueiro nos últimos anos absorberon unha elevada porcentaxe dos ingresos das persoas neste grupo de idade. A crise provocada pola COVID-19 terá consecuencias económicas que van dificulta aínda máis o acceso á vivenda debido á destrución de emprego xuvenil que experimentamos e á redución dos salarios das persoas ocupadas de menor idade. Segundo os últimos datos dos que dispoñemos, España é líder da Unión Europea en desemprego xuvenil cun 37,7%.

Así mesmo, segundo o estudo *Perdidos na recesión*: o emprego e os ingresos dos mozos en España, un «traballador que entrase no mercado laboral ao final da Gran Recesión en 2013 tería un salario diario un 7,2% inferior ao dun similar que entrase en 2007». O contexto económico e social obriga ao Goberno da Nación, en colaboración coas comunidades autónomas, a reorientar as políticas públicas de vivenda impulsadas ata a data a través do Plan Estatal de Vivenda.

En particular, preséntase como prioritario impulsar políticas públicas dirixidas a aumentar o número de vivendas públicas de alugueiro, priorizando a construción deste tipo inmobles fronte aqueles destinados á venda, e desenvolvendo mecanismos de colaboración público-privada que doten aos arrendadores de garantías de cobranza, entre outros beneficios, a cambio de alugueiros alcanzables para aqueles cidadáns que atopan maiores dificultades para acceder a unha vivenda.

Na actualidade, o actual Plan Estatal de Vivenda non presenta medidas ambiciosas neste sentido. A disposición contemplada no programa de axuda aos mozos artículase a través de transferencias económica a inquilinos con ingresos reducidos menores de 35 anos. A evidencia publicada ata a data afirma que este tipo de políticas acaba provocando un incremento dos prezos, polo que os arrendatarios non se acaban beneficiando á práctica das axudas directas.

Desde Ciudadanos cremos necesario, ademais, impulsar un Programa Municipal de Vivenda que se centre nas necesidades da nosa mocidade, para que teñan oportunidades para o seu desenvolvemento autónomo e persoal e así asegurar o futuro de toda a nosa sociedade.

Proposta para a súa aprobación:

1.- Instar o Goberno de España a elaborar un Plan Estatal de Vivenda 2022-2025. O plan conterá as seguintes medidas:

- ***Instar á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal a realizar unha avaliación dos programas de acceso á vivenda en réxime de alugueiro protexido.***
- ***Incluír dentro do programa de fomento do parque de vivenda de alugueiro do próximo Plan Estatal de Vivenda os recursos orzamentarios necesarios para que as Comunidades Autónomas impulsen un programa de posta a disposición de pisos desocupados no mercado de alugueiro protexido, tendo en conta os***

resultados da avaliación prevista no apartado anterior.

- *Impulsar, no marco do Plan Estatal de Vivenda, un programa para que as comunidades autónomas impulsen servizos de intermediación para facilitar a incorporación de vivendas baleiras ao mercado do arrendamento a un prezo alcanzable para as persoas arrendatarias.*
- *Acordar, no seo da Conferencia Sectorial de Vivenda, que un mínimo do 60% dos inmobles que se inscriban nos programas de captación de pisos desocupados e de intermediación para facilitar o acceso á vivenda pónase ao dispor de persoas menores de 35 anos.*
- *Crear un Programa para a Ampliación do Parque Público de Vivenda en Réxime de Alugueiro, en colaboración coas Comunidades Autónomas, que teña como finalidade aumentar o número de vivendas en réxime de protección oficial a través da adquisición ou concesión do uso de vivendas privadas, principalmente en zonas con prezos tensionados ou cunha elevada incidencia de situacións de vulnerabilidade no acceso á vivenda.*

2.- Instar o Goberno de España a impulsar unha reforma do Real Decreto Lexislativo 7/2015 polo que se aproba o texto refundido da Ley de Suelo y Rehabilitación para fixar que o 100% das vivendas que se constrúan durante os próximos 30 anos e estean suxeitas a réxime de protección pública destínense a alugueiro protexido.

3.- Instar o Concello de Ourense á elaboración dun Plan Estratégico Municipal de Vivenda en colaboración cos axentes sociais, no cal se realizará un estudo detallado sobre a realidade do municipio como punto de partida para unha planificación sensata e realista para dar solución aos problemas habitacións actuais e futuros do noso municipio e que contemple a posibilidade de ampliar o parque público dispoñible mediante a rehabilitación, adquisición e construción de vivendas.

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

1. Instar ao Goberno de España a elaborar un Plan Estatal de Vivenda 2022-2025. O plan conterá as seguintes medidas:
 - Instar á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal a realizar unha avaliación dos programas de acceso á vivenda en réxime de alugueiro protexido.
 - Incluír dentro do programa do fomento do parque de vivenda de alugueiro do próximo PEV os recursos orzamentarios necesarios para que as Comunidades Autónomas impulsen un programa de posta a disposición de



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

- pisos desocupados no mercado de alugueiro protexido, tendo en conta os resultados da avaliación prevista no apartado anterior.
- Impulsar, no marco do PEV, un programa para que as comunidades autónomas impulsen servizos de intermediación para facilitar a incorporación das vivendas baleiras ao mercado de arrendamento a un prezo alcanzable para as persoas arrendatarias.
 - Acordar, no seo da Conferencia Sectorial de Vivenda, un mínimo do 60% dos inmobles que se inscriban nos programas de captación de pisos desocupados e de intermediación para facilitar o acceso á vivenda pónase ao dispor de persoas menores de 35 anos.
 - Crear un Programa para Ampliación do Parque Público de Vivenda en Réxime de Alugueiro, en colaboración coas Comunidades Autónomas, que teña como finalidade aumentar o número de vivendas en réxime de protección oficial a través da adquisición ou concesión de uso de vivendas privadas, principalmente en zonas con prezos tensionados ou cunha elevada incidencia de situación de vulnerabilidade no acceso á vivenda.
2. Instar ao Goberno de España a impulsar unha reforma do Real Decreto Legislativo 7/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación para fixar que o 100% das vivendas que se conservan durante os próximos 30 anos e estean suxeitas a réxime de protección pública se destinen a alugueiro protexido.
3. Instar ao Concello de Ourense á elaboración dun Plan Estratéxico Municipal de Vivenda en colaboración cos axentes sociais, no cal se realizará un estudo detallado sobre a realidade do municipio como punto de partida para unha planificación sensata e realista para dar solución aos problemas habitacionais actuais e futuros do noso municipio e que contemple ampliar o parque público disponible mediante rehabilitación, adquisición e construción de vivendas.

POLOS SEGUINTEs:

1. Instar ao Goberno de España a presentar e aprobar un Plan Estatal de Vivenda 2022-2025 no que se manteña ou se aumente o compromiso orzamentario para as Comunidades Autónomas, e no que se continúe apostando pola creación de vivendas de protección oficial, polo acceso á vivenda de alugueiro protexido a prezos accesibles, (especialmente para a xente moza e para as persoas de maior vulnerabilidade social) e a optimización na xestión e posta a disposición de vivendas baleiras.
2. Instar ao Goberno Municipal a que se comprometa a poñer en valor, potenciar e dotar de persoal de maneira urxente a Oficina Municipal do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIs, creando a Unidade Administrativa necesaria para a xestión das axudas vencelladas ao Plan Rexurbe da Xunta

de Galicia, reforzando e garantindo a axeitada xestión das axudas públicas para as Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana (ARRUs), a redacción e aprobación no presente ano do denominado Plan Especial das Burgas, así como a tramitación de licenzas e outros trámites da súa competencia.

SENDO OS SEGUINTE PUNTOS DE ACORDO OS DEFINITIVOS:

1. Instar ao Goberno de España a presentar e aprobar un Plan Estatal de Vivenda 2022-2025 no que se manteña ou se aumente o compromiso orzamentario para as Comunidades Autónomas, e no que se continúe apostando pola creación de vivendas de protección oficial, polo acceso á vivenda de alugueiro protexido a prezos accesibles, (especialmente para a xente moza e para as persoas de maior vulnerabilidade social) e a optimización na xestión e posta a disposición de vivendas baleiras.
2. Instar ao Goberno Municipal a que se comprometa a poñer en valor, potenciar e dotar de persoal de maneira urxente a Oficina Municipal do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIs, creando a Unidade Administrativa necesaria para a xestión das axudas vencelladas ao Plan Rexurbe da Xunta de Galicia, reforzando e garantindo a axeitada xestión das axudas públicas para as Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana (ARRUs), a redacción e aprobación no presente ano do denominado Plan Especial das Burgas, así como a tramitación de licenzas e outros trámites da súa competencia.

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

TEXTO INICIAL DA PROPOSTA DE ACORDO

1. Instar o Goberno de España a elaborar un Plan Estatal de Vivenda 2022-2025. O plan conterà as seguintes medidas:

- Instar á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal a realizar unha avaliación dos programas de acceso á vivenda en réxime de alugueiro protexido.
- Incluír dentro do programa de fomento do parque de vivenda de alugueiro do próximo Plan Estatal de Vivenda os recursos orzamentarios necesarios para que as Comunidades Autónomas impulsen un programa de posta a disposición de pisos desocupados no mercado



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

de alugueiro protexido, tendo en conta os resultados da avaliación prevista no apartado anterior.

- Impulsar, no marco do Plan Estatal de Vivenda, un programa para que as comunidades autónomas impulsen servizos de intermediación para facilitar a incorporación de vivendas baleiras ao mercado do arrendamento a un prezo alcanzable para as persoas arrendatarias.
- Acordar, no seo da Conferencia Sectorial de Vivenda, que un mínimo do 60% dos inmobles que se inscriban nos programas de captación de pisos desocupados e de intermediación para facilitar o acceso á vivenda pónase ao dispor de persoas menores de 35 anos.
- Crear un Programa para a Ampliación do Parque Público de Vivenda en Réxime de Alugueiro, en colaboración coas Comunidades Autónomas, que teña como finalidade aumentar o número de vivendas en réxime de protección oficial a través da adquisición ou concesión do uso de vivendas privadas, principalmente en zonas con prezos tensionados ou cunha elevada incidencia de situacións de vulnerabilidade no acceso á vivenda.

PROPOSTA DE SUSTITUCIÓN

1. Instar o Goberno de España a elaborar un Plan Estatal de Vivenda 2022-2025. O plan conterá as seguintes medidas:

- Instar á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal a realizar unha avaliación dos programas de acceso á vivenda en réxime de alugueiro protexido.
- Incluír dentro do programa de fomento do parque de vivenda de alugueiro do próximo Plan Estatal de Vivenda os recursos orzamentarios necesarios para que as Comunidades Autónomas impulsen un programa de posta a disposición de pisos desocupados no mercado de alugueiro protexido, *distinguindo entre os distintos tipos de propietarios* e tendo en conta os resultados da avaliación prevista no apartado anterior.
- Impulsar, no marco do Plan Estatal de Vivenda, un programa para que as comunidades autónomas impulsen servizos de intermediación para facilitar a incorporación de vivendas baleiras ao mercado do arrendamento a un prezo alcanzable para as persoas arrendatarias.
- Acordar, no seo da Conferencia Sectorial de Vivenda, que un mínimo do 60% dos inmobles que se inscriban nos programas de captación de pisos desocupados e de intermediación para facilitar o acceso á vivenda pónase ao dispor de persoas menores de 35 anos.
- Crear un Programa para a Ampliación do Parque Público de Vivenda en Réxime de Alugueiro, en colaboración coas Comunidades Autónomas, que teña como finalidade aumentar o número de vivendas en réxime de protección oficial a través da adquisición ou

concesión do uso de vivendas privadas, principalmente en zonas con prezos tensionados ou cunha elevada incidencia de situacións de vulnerabilidade no acceso á vivenda.

REDACCIÓN FINAL DA PROPOSTA DE ACORDO

1. Instar o Goberno de España a elaborar un Plan Estatal de Vivenda 2022-2025. O plan conterá as seguintes medidas:

- Instar á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal a realizar unha avaliación dos programas de acceso á vivenda en réxime de alugueiro protexido.
- Incluír dentro do programa de fomento do parque de vivenda de alugueiro do próximo Plan Estatal de Vivenda os recursos orzamentarios necesarios para que as Comunidades Autónomas impulsen un programa de posta a disposición de pisos desocupados no mercado de alugueiro protexido, *distinguindo entre os distintos tipos de propietarios* e tendo en conta os resultados da avaliación prevista no apartado anterior.
- Impulsar, no marco do Plan Estatal de Vivenda, un programa para que as comunidades autónomas impulsen servizos de intermediación para facilitar a incorporación de vivendas baleiras ao mercado do arrendamento a un prezo alcanzable para as persoas arrendatarias.
- Acordar, no seo da Conferencia Sectorial de Vivenda, que un mínimo do 60% dos inmobles que se inscriban nos programas de captación de pisos desocupados e de intermediación para facilitar o acceso á vivenda pónase ao dispor de persoas menores de 35 anos.
- Crear un Programa para a Ampliación do Parque Público de Vivenda en Réxime de Alugueiro, en colaboración coas Comunidades Autónomas, que teña como finalidade aumentar o número de vivendas en réxime de protección oficial a través da adquisición ou concesión do uso de vivendas privadas, principalmente en zonas con prezos tensionados ou cunha elevada incidencia de situacións de vulnerabilidade no acceso á vivenda.

O Pleno do Concello, por dez votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego; doce votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito; e tres abstencións de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez e dona María del Mar Fernández Dibuja, concelleiros non adscritos, adoptou o seguinte **ACORDO**: Rexeitar a emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego.

O Pleno do Concello, por dezanove votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito; e seis abstencións do Grupo Municipal Democracia Ourense e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez e dona María del Mar Fernández Dibuja, concelleiros non adscritos, adoptou o seguinte **ACORDO: Aprobar** a emenda presentada polo PSdeG-PSOE.

En consecuencia, apróbase a moción coa redacción dada pola emenda do Grupo Municipal Socialista.

8.5 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para a reactivación e posta en valor do Centro de Iniciativas Empresariais de Ourense co mantemento e impulso dos seus viveiros de empresa e a reactivación dos servizos de formación ocupacional, xestión de fondos europeos, emprego e promoción económica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Iniciativas Empresariais (CIE) do Concello de Ourense púxose en marcha a **finais do ano 2007**, despois de que a súa construción fora financiada a través da convocatoria **dos Fondos Urban II**.

Despois de case 15 anos de funcionamento, tanto como sede do servizo municipal de formación ocupacional, xestión de fondos comunitarios, emprego e promoción económica, **como dos viveiros de empresa, polas cales pasaron aproximadamente 25 novas entidades neste tempo, que se localizaron nos 9 despachos creados para tal fin, Jácome ordeou o seu baleirado edesmantelamento antes do remate do próximo mes de agosto.**

Os 9 despachos para viveiros de empresa do CIE teñen unha dimensión de 17 x 25 metros cadrados e están totalmente equipados de mobiliario, material informático e servizos de telecomunicacións, podendo solicitar o seu uso durante un período mínimo de 12 meses e un máximo de 36 meses por unha taxa moi reducida. A súa localización privilexiada no casco histórico da cidade e o vantaxoso prezo de alugueiro fixo que se convertera nun importante apoio e impulso para pequenas empresas que comezaban a súa andaina laboral en Ourense durante todo este tempo.

O actual rexedor remitiu unha providencia de alcaldía a todos os actuais titulares dos viveiros de empresa o pasado mes de xuño ordenando o seu abandono inmediato das instalacións antes do remate de agosto, e, por outra banda, **o servizo de formación ocupacional, xestión de fondos europeos, emprego e promoción económica, cuxas delegacións de competencias son asumidas por Jácome na actualidade, atópase totalmente paralizado a nivel de xestión.**

O actual persoal do CIE non pode desenvolver as súas funcións baixo a tutela do Alcalde nun momento clave para a xestión e tramitación de fondos europeos nos concellos

ou tamén para o fomento da cultura emprendedora ou da orientación laboral e as políticas activas de emprego, así como para o respaldo a proxectos empresariais.

Esta decisión novamente arbitraria de Jácome prexudica claramente a desempregados, autónomos, pequenas e medianas empresas e asociacións de Ourense.

Os socialistas demandamos a paralización urxente desta nova medida aniquiladora do Alcalde, esiximos o mantemento dos viveiros de empresa localizados no CIE e a reactivación dos servizos municipais de formación ocupacional, xestión de fondos europeos, emprego e promoción económica, para non ver reducido este gran espazo a unha simple dependencia de oficinas baleiro de contido, como así pretende facer Jácome, coa condescendencia do Partido Popular.

Trátase doutro paso máis no desmantelamento de servizos caprichoso e interesado, sen visión de futuro, de Gonzalo Pérez Jácome, despois do ocorrido a inicios do mandato co Centro de Coñecemento de La Molinera e *a posteriori* coa supresión a Aula Cemit localizada no mesmo.

Todas estas decisións responden a un único obxectivo: continuar co despilfarro de diñeiro público no Centro de Intelixencia Artificial, que vai camiño de alcanzar os 2 millóns de euros entre gastos de persoal (coa contratación do seu Director Xeral, persoal eventual e proximamente de 20 enxeñeiros durante 3 anos), e remodelación de despachos e adquisición de novo material informático. Namentres, as tarefas máis básicas encargadas a este novo “chiringuito” por parte de Jácome: a nova páxina web do Concello de Ourense, o novo sistema de control horario dos funcionarios (que prometeu a súa posta en marcha a inicios do pasado mes de maio) ou a nova *marketplace* para o comercio local, seguen sen ver a luz, como é costume na folla de ruta política do actual rexedor.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta neste Pleno, para a súa aprobación, as seguintes propostas de ACORDOS:

1. **Instar ao Goberno Municipal a que paralice de maneira urxente o desaloxo e baleirado dos viveiros de empresa do Centro de Iniciativas Empresariais, comprometéndose ao seu mantemento e impulso a través da difusión pública da súa oferta por parte do Concello de Ourense.**
2. **Instar ao Goberno Municipal a que se reactive de maneira inmediata e se reforce o funcionamento dos servizos municipais de formación ocupacional, xestión de fondos europeos, emprego e promoción económica no Centro de Iniciativas Empresariais, actualmente paralizados pola pasividade do actual rexedor, responsable directo das competencias desta materia no último ano.**

O Pleno do Concello, por vinte e dous votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Partido



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

Popular, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez, dona María del Mar Fernández Dibuja, e don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos, e tres votos en contra do Grupo Municipal de Democracia Ourensana adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

8.6. Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa á situación do edificio sito na rúa Monterrei, núm. 4.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O edificio da rúa Monterrei nº 4 foi mercado pola deputación no ano 1999 polo prezo de 637 mil **euros** para albergar alí a Escola de Artes e Oficios con carácter permanente. Co obxectivo de buscar financiamento externo, os técnicos elaboraron un proxecto para captar fondos europeos, proxecto que non foi aprobado e en consecuencia non obtivo as achegas que se pretendían.

Pasados 3 anos desde a compra do solar, O naquela altura Presidente da deputación, Jose Luis Baltar, solicita o 3 de decembro de 2002, a tramitación dun expediente de ruína do inmovible, declaración que se fai pola comisión de goberno do concello de Ourense, (actual Xunta de Goberno Local), o 16 de xaneiro de 2003.

O seu proceso galopante de deterioro fixo que se declarara en ruína inminente o 2 de setembro de 2004, procedéndose á demolición e vaciado do edificio. A ficha do PERI específica para ese inmovible que debe conservarse a fachada, por ser un elemento a protexer.

O 10 de marzo de 2014, a concelleira delegada de urbanismo ordea inscribir no rexistro de soares e terreos sen urbanizar o predio sito na rúa Monterrei nº 4. Pasaron os meses e logo do cambio de goberno e, en consecuencia, cambio na concellería, non se executou o acordo, tal e como é preceptivo na lei 7/2015, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo sobre rehabilitación urbana.

Desbotada a posibilidade de rehabilitar o edificio, por parte da deputación, e coa necesidade de buscar unha ubicación para a escola de Artes e Oficios, a deputación aluga o baixo da Fundación San Rosendo, o que fora o comercio SEFER, na praza maior esquina doutor Marañón, baixo que posteriormente acabaría mercando en propiedade por 625 mil euros, a pesares de que os informes técnicos desestimaban estas dependencias para a actividade que ían desenvolver, aínda que foran con carácter transitorio.

En Xunta de Goberno de 30 de setembro de 2020, o goberno municipal do concello de Ourense aproba a mutación demanial do antedito inmovible por outro sito na rúa da Canle, destinado a cafetería e hoxe ocupado polas dependencias do festival de cine de Ourense. É dicir, o cambio dun ben a un fin ou servizo público distinto.

Jácome anuncia en rolda de prensa que vai sacar o edificio da cafetería (hoxe edificio do OUFF) a concurso público, ofrecéndolle á deputación a posibilidade de trasladarse ao anexo ao edificio das artes escénicas, que hoxe está a ocupar parcialmente a UPO, co cal o que pretende o alcalde é desvestir un santo para vestir outro, mermando o espazo da Universidade Popular, un proxecto cultural e educativo polo que pasan miles de persoas cada ano.

Ao longo destes anos, foron varios os destinos que intentaron darlle a este espazo, pois do edificio so quedan as paredes. O inicial da escola de artes e oficios, deu paso á posible ubicación para a sede do Comité Antisida, desbotada pola carestía do proxecto, ou mesmo ao Museo da roda de Afiar, co obxectivo de albergar a colección de Florencio de Arboiro, que segundo Baltar, estaría rematada no 2019. Por todo o anterior, o BNG solicita do Pleno a adoción do seguinte

ACORDO

O Pleno demándalle ao goberno municipal que se dirixa á deputación para que, segundo o establecido no capítulo III do título I da lei 1/2019 de rehabilitación e rexeneración e renovación urbana de Galiza, presente un proxecto para a rehabilitación do edificio sito na rúa Monterrei número 4.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

8.7. Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa á reprobação dos concelleiros e concelleiras do PP.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno do Concello de Ourense celebrado o pasado día 11 de setembro de 2020, a **corporación**, aprobaba por 24 votos a favor (PsdeG-PSOE, PP, BNG, Cs, e non adscritos) e 2 en contra (D.O.), pedir a dimisión inmediata de Gonzálo Pérez Jácome, Alcalde do Concello de Ourense, de todos os seus cargos.

O certo é que o Alcalde non atendeu dito requerimento e continuou e continúa a exercer as súas funcións. Daquela, o Partido Popular decidiu abandonar o Goberno Local ao entender que as acusacións e as denuncias efectuadas eran da suficiente relevancia e entidade como para seguir formando parte do mesmo e para demandar do alcalde unha serie de explicacións, que por certo, a día de hoxe, aínda non ofreceu.



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

Para o Partido Popular por aquela altura de setembro de 2020 non existía a presunción de inocencia de Gonzalo Pérez Jácome e daban por boas as denuncias efectuadas polas súas compañeiras e compañeiros de partido sen existir ningún tipo de pronunciamento xudicial.

O Concello de Ourense, logo do abandono do barco por parte do PP quedou cun goberno formado unicamente por tres persoas, co que se demostrou o que o BNG dixo desde un principio, que non se pode gobernar a terceira cidade do país con tan exigua representación.

Dada a situación, desde o BNG advertiuse inmediatamente a necesidade de dotar a Ourense dun goberno estable e suficiente que sacara ao concello da situación de caos e parálise na que se atopaba e por ese motivo propuxo a presentación dunha moción de censura para que gobernara, tal e como acontecería no caso de dimisión do alcalde, a lista máis votada.

Sucedéronse as reunións e todos os grupos, a excepción do PP, entendían necesario articular dita alternativa, mais pasaron os meses e pola teima dos populares de pensar que Ourense é couto privado e co único obxectivo de salvar a Deputación, impediron calquera posíbel alternativa ao actual equipo de goberno.

O PP adicouse durante meses a marear a perdiz, pondo vetos e condicións inasumíbeis cun único obxectivo: manter a Jácome na alcaldía. Pasaron os meses e o PP finalmente, decide regresar para darlle “estabilidade” a Ourense e, en verbas do seu Secretario Xeral Miguel Tellado, “devolverlle a honra a Jácome”.

A xuíza do Xulgado de Instrucción número 3 de Ourense vén de acreditar a existencia de indicios razoábeis dun posíbel delito de malversación nos fondos de Democracia Ourensana. Xa non o din os non adscritos, nin os grupos da oposición ou os xornalistas, dío a propia xuíza encargada do caso, a mesma que sobreesera en primeira instancia.

Mais agora para o Partido Popular prima a presunción de inocencia e a necesidade dunha sentenza en firme. É curioso que os que quixeron dinamitar a Jácome, agora sexan tan escrupulosos aludindo a unha presunción de inocencia que obviaron cando en setembro de 2020 decidiron abandonar o bigoberno. Unha presunción de inocencia que, por certo, non tiveron en conta no pasado con persoas doutras formacións políticas.

Cabe preguntarse que lle da Jácome ao Partido Popular ou por qué Jácome é tan importante para o PP. Para o BNG o importante non é devolverlle a honra a Jácome, é devolverlle a honra a Ourense e as e aos ourensáns.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG no Concello de Ourense solicita do pleno da corporación a adoción dos seguintes

ACORDOS

1. O pleno, reproba aos membros do PP, que fan parte do actual Goberno Local do **Concello** de Ourense, pola súa connivencia con Jácome, a pesares das presuntas irregularidades postas de manifesto pola xuíza en relación coa apreciación dun presunto delito de malversación na xestión dos fondos de Democracia Ourenzana e por contribuir, en consecuencia, ao descrédito da política e dano para a imaxe do concello

O Pleno do Concello, por catorce votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez e de dona María del Mar Fernández Dibuja, concelleiros non adscritos; dez votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana; e unha abstención de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

8.8. Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE a prol de que o Concello de Ourense inste ao goberno central a renomear a Ponte Nova para que pase a chamarse Ponte de Federico García Lorca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que Ourense sexa coñecida como “a Atenas galega” non é froito de ningunha casualidade. Non soamente existe nesta denominación unha fonda pegada da Xeración Nós, senón que a cidade enteira está marcada polo legado cultural deste conxunto de escritores e literatos, que contaron entre os seus membros con personalidades como Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo ou Eduardo Blanco Amor.

Recentemente, a Mesa do Parlamento galego quixo recoñecer a débeda histórica de Galicia con esta xeración, en concreto ao cumprírense 100 anos da aparición da revista *Nós*, concedéndolle a medalla da institución.

O 30 de outubro de 1920 viu a luz o primeiro número desta revista, ideada, editada e sostida, entre os anos 1920 e 1936, por un grupo de intelectuais galeguistas liderados nun primeiro momento por Antón Losada Diéguez, Vicente Risco, Alfonso R. Castelao, Arturo Noguerol, Florentino López Cuevillas e Ramón Otero Pedrayo; círculo que se iría ampliando a un conxunto moito máis heteroxéneo de colaboradores que participaron neste proxecto ata a súa abrupta desaparición no ano 1936.

Uns e outros conformaron un grupo de persoas cosmopolitas, europeístas, cultas, e vangardistas, mais profundamente enraizadas na realidade local. Con eles, a dita xeración comezou unha nova singradura.

Eduardo Blanco Amor foi amigo e editor de Federico García Lorca, a quen coñeceu no ano 1933. Del, o escritor ourensán deixou dito que en certa ocasión lle



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

confesara que “cando deixase de ser poeta profesional en castelán, sería poeta vocacional en galego”. Estas palabras, que ben poderían quedar limitadas a unha expresión afectiva circunstancial, veñen a ser un engadido máis para podermos explicar un acontecemento tan fascinante como a conversión de García Lorca en poeta galego, xitano e andaluz.

Á marxe da extraordinaria achega lírica á nosa lingua co seu breve poemario *Seis Poemas Galegos* –obra pola cal chegou a estar entre os nominados polo pleno da Real Academia Galega para protagonizar o Día das Letras Galegas 2022–, García Lorca tamén deixou sobrada proba da súa simpatía por esta rexión de brumas e de choivas e do seu aprecio pola lírica medieval e rosaliana.

O seu primeiro contacto con Galicia foi no ano 1916, a través dunha excursión estudantil na cal percorre boa parte da xeografía galega, comezando en Ourense e visitando logo as cidades da Coruña, Santiago e Lugo. Mais foi no ano 1932 cando o poeta granadino, en repetidas viaxes, toma contacto pleno coa realidade literaria e cos autores do momento en Galicia.

Primeiro acode como conferenciante e despois á fronte do Teatro Universitario La Barraca. Envolto no ouropel do extraordinario éxito alcanzado polo *Romancero gitano*, o consagrado poeta e dinamizador cultural chega a Galicia cheo de entusiasmo polo contexto republicano de liberdades e civismo.

É entón cando García Lorca toma contacto con activistas da política e da cultura, nomeadamente cos escritores galegos da chamada Xeración do Vintecinco, con quen colaborou nas súas revistas literarias e culturais, xeralmente bilingües, entre as que cabe destacar *Cristal*, de Pontevedra, que ademais de facerse eco da presenza do poeta en Galicia, reproduciu nas súas páxinas os poemas “Prendimiento de Antofñito el Camborio”, “La monja gitana” e “Soneto”.

Así, queda suficientemente constatado o amor por Galicia que desprende o poeta andaluz máis universal, Federico García Lorca. Un poeta cuxo nome recollen todos os rúes de todas as cidades e provincias de España, coa única excepción de Ourense e Ceuta, onde os mapas urbanos carecen de enclaves en honor ao ilustre poeta granadino. Un agravio histórico que debemos corrixir axiña, de maneira que Ourense pase a formar parte do conxunto de cidades e provincias españolas que honran o legado literario de Lorca a través da súa nomenclatura urbana.

Neste sentido, cómpre salientar que a Ponte Nova ourensá –chamada así para diferenciala da Ponte Romana ou Ponte Vella– adoece dun nome actual e á altura desta singular estrutura. Diseñada polo enxeñeiro Martín Díez de la Banda, foi inaugurada no ano 1918, coincidindo coa publicación do primeiro poema de Lorca na revista *Renovación*, polo que consideramos oportuno e relevante rebautizar a Ponte Nova como Ponte de Federico García Lorca. Deste xeito, estaremos contribuíndo a renovala e a engrandecela, ao tempo que emendamos a débeda histórica de Ourense co poeta granadino.

Outros dos motivos que nos levan a considerar esta ponte como enclave de particular relevancia para recibir o nome do poeta son a súa proximidade a un conxunto de

rúas e avenidas dedicadas a escritores como Curros Enríquez, Otero Pedrayo, Vicente Risco, José Ángel Valente ou Alfredo Brañas, cuxa interconexión daría lugar a un auténtico conglomerado literario no noso trazado urbano. Especialmente significativa é a proximidade da Ponte Nova ao instituto Blanco Amor, e o seu transfondo metafórico, vencellado á capacidade de comunicar e á proximidade da auga, tan presente na obra do granadino.

Así mesmo, mudando o obsoleto nome dunha ponte no canto dunha rúa, estaremos evitando os posibles problemas e molestias que os cambios de dirección puideran ocasionar para a veciñanza.

Por todo o exposto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta, para aprobación desta Corporación Municipal, a seguinte proposta de **ACORDO**:

Que o Concello de Ourense inste ao Ministerio de Fomento a renomear a Ponte Nova para que pase a chamarse Ponte de Federico García Lorca, en agradecemento pola deferencia que tivo o poeta granadino coa nosa comunidade e o noso idioma, así como para emendar a débeda histórica de Ourense e pasar a formar parte do conxunto de cidades e provincias españolas que honran o legado literario de Lorca a través da nomenclatura urbana.

Sométese a votación a moción co seguinte resultado: once votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez, dona María del Mar Fernández Dibuja, concelleiros non adscritos; once votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourensana e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito; e tres abstencións do Grupo Municipal de Ciudadanos e do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Ao se producir empate, de conformidade co disposto no artigo 80 do Regulamento orgánico, repítese a votación co seguinte resultado: doce votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez, dona María del Mar Fernández Dibuja, concelleiros non adscritos; once votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourensana e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito; e dúas abstencións do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, adoptando o seguinte **ACORDO**: aprobar a moción.



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL